

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o doce de maio do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial don Pablo Pérez Pérez, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 5 DE MAIO DE 2017.-**

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día cinco de maio de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA.-**

No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.11 unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor da Agrupación Coral de Ruada, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes aos anos 2015 e 2016.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Agrupación Coral de Ruada, nos seguintes termos:

**-Importe:** 30.000,00 euros.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes aos anos 2015 e 2016.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 14 de xullo de 2017.

**3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA.**- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 48911-33420, a cantidade de 6.000,00 euros a favor da Agrupación Coral de Ruada, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Agrupación Coral de Ruada, nos seguintes termos:

**-Importe:** 6.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2017.

**4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE RUGBY.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.11 unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor da Asociación Campus Universitario de Ourense Rugby, para gastos de funcionamento da entidade correspondente á tempada 2016-2017.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Campus Universitario de Ourense Rugby, nos seguintes termos:

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Importe:** 20.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2016-2017.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 10 de agosto de 2017.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL FETEGA.**- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 48915-33420, a cantidade de 8.000,00 euros a favor da Asociación Cultural Fetega, para gastos da entidade correspondentes ao ano 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural Fetega, nos seguintes termos:

**-Importe:** 8.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos da entidade correspondentes ao ano 2017.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2017

**6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN MUSICAL DE TRASMIRAS.**- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 46204/33420, a cantidade de 20.000,00 euros a favor da Asociación Musical de Trasmiras, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao curso 2016-2017.

Unha vez vista a documentación presentada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Musical de Trasmiras, nos seguintes termos:

**-Importe:** 20.000,00 euros.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao curso 2016-2017.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de setembro de 2017.

**7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BEARIZ.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 27.450,68 euros, a favor do Concello de Beariz, para equipamento ximnasio.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Beariz, para equipamento da sala de musculatura do polideportivo municipal, nos seguintes termos:

**-Importe:** 27.450,68 euros.

**-Obxecto:** equipamento da sala de musculatura do polideportivo municipal.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
3. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
4. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 14 de agosto de 2017.

**8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CARTELLE.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 6.000,00 euros, a favor do Concello de Cartelle, para aparello de frío para auditorio.

Unha vez vista a documentación presentada pola alcaldesa do mencionado concello, na que figura unha memoria técnica da arquitecta Elvira Carregado Pazos cun coste total de 5.997,40 euros, comprobado pola Sección de Subvencións que a solicitude presentada cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cartelle, para instalación de climatización no auditorio municipal, nos seguintes termos:

**-Importe:** 5.997,40 euros.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Obxecto:** instalación de climatización no auditorio municipal.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

5. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
6. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
7. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
8. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 14 de agosto de 2017.

**9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO.-**

No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 100.000,00 euros a favor do Concello de Castrelo de Miño, para pista de remo.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Castrelo de Miño, para mellora e adecuación do campo de remo de Castrelo de Miño, nos seguintes termos:

**-Importe:** 100.000,00 euros.

**-Obxecto:** mellora e adecuación do campo de remo de Castrelo de Miño.



<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

9. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
10. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
11. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
12. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, sernalle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 15 de setembro de 2017.

**10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CENLLE.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 16.656,96 euros, a favor do Concello de Cenlle, para renovación da iluminación pública de Laias.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cenlle, para renovación da iluminación pública en Laias e Barbantes, nos seguintes termos:

**-Importe:** 16.656,96 euros.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Obxecto:** renovación da iluminación pública en Laias e Barbantes.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

13. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
14. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
15. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
16. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 12 de setembro de 2017.

**11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LAROUCO.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 14.909,09 euros, a favor do Concello de Larouco, para mellora rehabilitación rúa Santa Lucía.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Larouco, para mellora de pavimentación e rehabilitación da rúa Santa Lucía, nos seguintes termos:

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

**-Importe:** 14.909,09 euros.

**-Obxecto:** mellora de pavimentación e rehabilitación da rúa Santa Lucía.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

17. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

18. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

19. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

20. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 14 de agosto de 2017.

**12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LAROUCO.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 6.942,19 euros, a favor do Concello de Larouco, para saneamento de augas residuais en Larouco.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

subvención ao Concello de Larouco, para saneamento e depuración de augas residuais en Larouco, nos seguintes termos:

**-Importe:** 6.942,19 euros.

**-Obxecto:** saneamento e depuración de augas residuais en Larouco.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

21. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
22. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
23. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
24. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 14 de agosto de 2017.

**13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LEIRO.**- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 120.000,00 euros a favor do Concello de Leiro, para senda fluvial na marxe dereita do ría Avía en Leiro; dos que 60.000,00 euros son para a concesión dunha subvención nominativa, e os restantes 60.000,00 euros constitúen a achega desta Deputación, de acordo co establecido na modificación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Leiro, con data 2 de marzo de 2017.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

En consecuencia do anteriormente exposto, e unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, observase o seguinte.

**1º-Importe de execución da obra (IVE incluído):** 290.150,00 euros.

**2º-A obra conta coas seguintes achegas:**

-Confederación Hidrográfica do Miño-Sil: 100.000,00 euros.

-Deputación Provincial (modificación convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Leiro, do 2 de marzo de 2017): 60.000,00 euros.

-Deputación Provincial (Plan Provincial de 2016): 52.500,00 euros.

-Deputación Provincial (Plan Provincial de 2017): 55.000,00 euros

**3º-Importe total de achegas:** 267.500,00 euros.

**4º-Diferenza entre o importe da obra e o total das axudas que recibe o Concello de Leiro:** 22.650,00 euros.

Tendo en conta o exposto, que a solicitude de subvención cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Leiro, para senda fluvial na marxe dereita do río Avía, en Leiro, nos seguintes termos:

**-Importe:** 22.650,00 euros.

**-Obxecto:** senda fluvial na marxe dereita do río Avía, en Leiro.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

25. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

26. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

27. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

28. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2017.

**14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-** No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 46203/33420, a cantidade de 35.000,00 euros a favor do Concello de Ribadavia, para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia correspondente ao ano 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Ribadavia, para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia correspondente ao ano 2017, nos seguintes termos:

**-Importe:** 35.000,00 euros.

**-Obxecto:** Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia correspondente ao ano 2017.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

29. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

30. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

31. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

32. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 29 de setembro de 2017.

**15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA DO RIBEIRO.**- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/463.01 unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, para un camión de recollida de residuos.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, nos seguintes termos:

**-Importe:** 50.000,00 euros.

**-Obxecto:** adquisición dun vehículo de recollida de lixo.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do

<b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 12 de maio de 2017</b>
--

vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 15 de setembro de 2017.

**16.- ASUNTOS DE URXENCIA:** Non se suscitaron.

**17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.

**18.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día doce de maio do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,**

**O VICESECRETARIO,**